

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO 2º CICLO**Obra de teatro "El niño colchón" no Auditorio de Ourense**

O mércores, 11 de Maio, fomos ao Auditorio de Ourense para ver a obra de teatro "El niño colchón". Abofé que o título da obra nos tiña un pouco desconcertados. Estiveramos mirando a sinopse da obra na paxina web pero non nos clarificaba moito o contido da obra. Para a nosa sorpresa, ta dun neno que se enfrentaba a separación de seus pais. Ao principio non entendiamos o seu comportamento pero, pasiño a pasiño, fomos quen de poñernos na pel do protagonista, ata case nos emocionamos e todo!. Cando rematou, xantamos os bocatas que tínhamos nas mochilas, xogamos un pouquín na explanada do Auditorio e voltamos ao cole, xa ia un pouquín de frío.

**Concerto do Conservatorio no CPR M^a Inmaculada**

O luns, 24 de Maio, os nenos e nenas de terceiro A e B fomos a un concerto organizado polo Conservatorio de Verín. Ali estaban mestres e alumnos para ensinarnos os diferentes instrumentos que podíamos aprender a tocar no Conservatorio.

O primeiro que nos ensinaron foron os instrumentos de corda. Dixéronos que había tres tipos: de corda fretada (violín, viola, contrabaixo...), de corda percutida (guitarra) e de corda pulsada (piano). Despois virñeron os instrumentos de vento: clarinete, trompeta, saxofón. Finalmente, alumnos e mestres deleitáronos con fermosas melodías. Os vídeos do Concierto están colgados na páxina web do cole. (<http://centros.edu.xunta.es/ceipprincesadespana>).

Contacontos

O Martes, 25 de Maio, veu un contacontos ao Cole. Reunímonos no ximnasio todos os nenos e nenas dende tres anos ata cuarto de E.Primaria. O contacontos era un "cruzacontos" vellíño. Tiña un neto chamado Nicolásin ao que lle encantaba escutar contos do seu avó. Por esa razón, o avó andaba a procura de contos novos que contarselle ao seu neto. Cando ía na procura dun libro unha nena de 4º atopouulle o libro, xuntos contaronnolo. Ao rematar de lelo, o avó invitou a nena a escribir un conto. Colleron un principio e un final de conto dos libros máxicos, logo, pediron a colaboración daalgúns nenos ou nenas, foron un neno e unha nena, para inventar personaxes do conto. De supeto, chamou Nicolásin, o avó non sabía onde agacharse, entón pediuños que rematasemos nós o conto e llo enviáramos, e con isto, marchou.

